



quattro idcp

A campaña publicitaria de R sobre cobertura móbil, de *quattro idcp*, premiada no XIII *Smile Festival*

- *O XIII Festival Internacional da Publicidade e o Humor, Smile Festival, outorgou a unha recente campaña de R, realizada pola axencia galega quattro idcp, o premio á “mellor execución de campaña publicitaria”.*
- *O traballo deseñouse para publicitar a mellora de cobertura móbil do operador galego, con máis antenas, e a incorporación do servizo 5G en todas as súas tarifas de móbil.*

Mércores, 15 de marzo de 2023.- *O Festival Internacional da Publicidade e o Humor, Smile Festival,*, que este ano celebra a súa décimo terceira edición, destacou onte co premio “mellor execución de campaña publicitaria” á realizada pola axencia galega *quattro idcp* para **R**, mediante a que se publicita a cobertura mellorada e o servizo 5G de operador galego. Competindo co talento dos/as creativos/as máis recoñecidos/as do mundo, o certame galardoa, así, a campaña de **R** como un dos mellores traballos publicitarios do ano, onde o humor é unha peza clave na estratexia creativa.

Pedindo “perdón” polas molestias dunha cobertura total

Composta por tres pezas audiovisuais e tres gráficas para prensa, a campaña fai saber da cobertura mellorada de **R** -co dobre de antenas- ata no último recuncho de Galicia, e da chegada do 5G a todas as súas tarifas de servizo móbil. Os *spots* falan, en clave de humor, dunha cobertura tan excelente que non hai ‘escapatoria’ á hora de recibir chamadas, xa sexa na esquina máis apartada dunha nave, nunha montaña remota ou nun aparcadoiro subterráneo, que son xustamente o tres espazos escollidos por *quattro idcp* para desenvolver este traballo publicitario.

<https://youtu.be/jb9k8pyXW5s>

<https://youtu.be/s52BdvM7gSo>

<https://www.youtube.com/watch?v=JYuamfSutV8>

As tres historias cóntanse baixo a lema “perdón” a modo de desculpa aos/ás clientes/as pola inxerencia da tecnoloxía móbil máis avanzada neses espazos supostamente reservados e inaccesibles, onde os/as protagonistas, case seguro, permanecerían ilocalizables de non ser por esa cobertura imbatible.

Dende a axencia galega, os/as creativos/as explican que “a idea era darlle un xiro disruptor á comunicación, botando man do humor e a retransca tan características da marca R. O fácil sería facer unha campaña en positivo, dando por feito que a mellora implica sempre unha boa noticia para os/as usuarios/as da que se alegrarán. Mais... e se, en lugar diso, lles pedimos perdón por se esta mellora trastorna os seus plans? Así o fixemos, pensando en todas esas situacións nas que, no fondo, nos vén ben que a cobertura nos falle: evitar que o xefe nos pida algo, ter unha finde de desconexión total, excusar unha chamada incómoda... Desta maneira, o humor axuda a captar a atención do/da espectador/a e arríncalle, probablemente, un sorriso”.



Outro premio máis de R e quattro no Smile Festival

Ao longo da historia deste certame internacional de publicidade, outras campañas de R realizadas por quattro foron recoñecidas polo impacto do humor na súa estratexia creativa. Entre elas, traballos arredor de celebracións senlleiras de Galicia como o Entroido ou o San Xoán, ou a recente campaña de R “Noticias increíbles do combo Infinito”, galardoada en 2022 na categoría de “mellor eficacia en peza gráfica”.

Javier Conde, director de quattro idcp manifestou que "R sempre entendeu a importancia do humor para comunicar e conectar coa xente. Con R e as súas campañas pasámolo ben, rimos, gozámolas a tope... E iso nótase cando se publican. Sigamos sorrindo e rindo”.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal